

16 Febrero de 2015 - Revista 1008

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 6

BOLSAS E AXUDAS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 8

EN PORTADA

## Un total de 45 menores de 30 anos beneficiáronse de prácticas laborais en Europa no marco dun proxecto de Xuventude

Martes, 10 Febreiro 2015 08:00



O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, reuniuse hoxe cos beneficiarios das **45 bolsas Leonardo da Vinci do proxecto "Europeizando Galicia" (EUROGAL)** que veñen de rematar as súas prácticas laborais non retribuídas en varios países da Unión Europea.

Trátase de mozos e mozas galegas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos con estudos universitarios ou de Formación Profesional relacionados cos sectores administrativo, informático, electricidade, márketing, turístico, hostaleiro, agroforestal, agroalimentario ou vitivinícola.

As prácticas formativas, de 12 semanas de duración, desenvolvéronse entre os meses de setembro a decembro en Burdeos (Francia), Budapest (Hungría), Arezzo (Italia), Cork (Irlanda), Cracovia (Polonia) e Praga (República Checa).

Durante o 2014, un total de 350 mozos e mozas galegos realizaron unha estancia formativa no marco de tres programas de mobilidade xestionados pola *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: Galeuropa, Eurogal e La Ida*, cun orzamento de 745.000 euros.

A estes programas hai que sumarlles a participación de 1.506 mozos galegos no programa **Erasmus+** que, no eido da xuventude, fomenta a mobilidade en Europa dos mozos e traballadores de xuventude a través de diversas actividades de educación non formal. No 2014 na Comunidade Autónoma foron aprobados 43 proxectos de Erasmus+ cun orzamento total de 920.781 euros.

Na súa intervención, Rodeiro sinalou que *"a mobilidade é un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida, como polo apoio que supón na aprendizaxe dun idioma estranxeiro". Deste xeito, "a experiencia laboral no estranxeiro aporta un valor engadido á formación dos mozos, a súa traxectoria profesional e pode proporcionarlle máis oportunidades de emprego"*, apuntou.

Rodeiro destacou que os programas de mobilidade son *"un pilar das políticas do goberno autonómico en materia de xuventude"* e, por iso, indicou que a mobilidade é un dos once eixos do **Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia 2014-2016 Horizonte 2020**.

## Xuventude organiza un curso de xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil dirixido a 90 profesionais

Xoves, 12 Febreiro 2015 08:53

A *Consellería de Traballo e Benestar* está a organizar entre este mes e abril nas cidades de Ourense, Pontevedra, Santiago, A Coruña, Lugo e Vigo un curso de xestión e dirección de proxectos de participación xuvenil dirixido a un total de 90 traballadores e xestores do eido da xuventude, profesores, directivos de entidades xuvenís e de acción voluntaria e estudantes universitarios.

O **obxectivo** desta iniciativa, que se desenvolve a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, é mellorar as competencias na planificación, redacción e xestión de proxectos de participación xuvenil no eido da educación non formal. Cada acción formativa, de 50 horas de duración, vai destinada a un máximo de 15 alumnos para favorecer unha atención máis personalizada aos participantes.

Das 50 horas de duración de cada un dos cursos, 25 son teórico presenciais e outras tantas son prácticas, onde se inclúe a participación dos alumnos nas xornadas do **programa Incubadora de Proxectos**, que ten como obxectivo achegar os novos programas de educación non formal da Dirección Xeral de Xuventude aos concellos galegos.

O curso está dividido en 5 módulos. No primeiro realízase unha introdución á estruturación, deseño e xestión de proxectos de participación. No segundo e no terceiro analízanse o deseño e elaboración dun proxecto de participación xuvenil, mentres que o cuarto tratará sobre a execución, avaliación e xustificación dos proxectos. Por último, o quinto módulo servirá para a formación dos alumnos en aptitudes e habilidades transversais.

Durante o período de inscrición do curso, foron máis de 300 os interesados na súa realización, polo que a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* levará a cabo unha segunda edición desta acción formativa.

## Xuventude oferta este ano un total de 26 cursos de formación de voluntariado

Luns, 16 Febreiro 2015 08:23

A *Consellería de Traballo e Benestar*, a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, ofertará este ano un total de **26 cursos de formación en materia de voluntariado**. Salvo unha destas accións formativas, a destinada ao voluntariado de persoas reclusas, todos os demais ofreceranse en liña a través da plataforma [www.voluntariadogalego.org](http://www.voluntariadogalego.org). A inscrición nestes cursos irase iniciando ao longo do ano, segundo as demandas.

Ademais do curso básico de iniciación ao voluntariado, este plan de formación conta con cursos como o de aprendizaxe-servizo a través do voluntariado, metodoloxías para dinamizar grupos na acción voluntaria, marketing social, desenvolvemento de procesos participativos ou xestión de proxectos.



Esta programación tamén ofrece cursos para a formación de persoas que queiran participar en programas máis concretos, como o voluntariado dende dentro; o ambiental; o de coidado de persoas con alzhéimer; o dixital; o de catástrofes e emerxencias; o de violencia de xénero; ou o de prevención da dependencia.

Dende o ano 2009 participaron nestas accións formativas preto de 47.000 persoas voluntarias, cunha media de 29 cursos ofertados por ano. O curso con máis demanda foi o de voluntariado con persoas con alzhéimer, que finalizaron un total de 703 voluntarios, seguido do de voluntariado para apoio e acompañamento ás vítimas de violencia de xénero, con 585 persoas.

Tamén destacan polo número de voluntarios participantes, os cursos sobre dano cerebral adquirido e ictus, con 557 persoas, o de habilidades sociais, traballo coa terceira idade e acompañamento hospitalario, con 550 ou o de catástrofes e emerxencias, que o remataron 548 voluntarios.

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

## Xornada "A educación non formal e garantía xuvenil desde o ámbito local"

Martes, 10 Febreiro 2015 08:58



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca a **Xornada "A educación non formal e garantía xuvenil desde o ámbito local"**

**Lugar e datas:**

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015.

Salón de Actos da Escola Galega de Administración Pública. EGAP.

**Obxectivos:**

Informar sobre os programas da DXXV que se van a poder promover directamente desde os concellos.

Informar das medidas postas en marcha, dentro do programa de garantía xuvenil, desde a Xunta de Galicia.

**Destinatarios:**

Concelleiros de Xuventude e de Voluntariado, Informadores/as e técnicos/as de Xuventude, técnicos dos Espazos xove, responsables de voluntariado dos concellos, dinamizadores xuvenís, directivos e membros de asociación xuvenís, entidades prestadoras

de servizos a Xuventude, persoal das escolas de tempo libre, orientadores laborais, orientadores dos institutos e aquelas persoas interesadas na temática.

O prazo de inscrición estará aberto ata o día **2 de marzo as 14.00 h**

**Formulario de inscrición**

**Programa**

**10:00 h.** Entrega de documentación.

**10:30 h.** Inauguración. Ovidio Rodeiro Tato. Director Xeral de Xuventude e Voluntariado.

**11:00 h.** Liñas de actuación dentro do Programa de Garantía xuvenil.

Responsable da Dirección Xeral de Emprego e Formación.

**11:30 h.** Galeuropa: a mobilidade trasnacional xuvenil promovida polos concellos. Deseñando o teu futuro: proxectos dende os concellos para chegar aos mozos á realidade socioempresarial.

Yolanda Otero Balsa. Subdirectora Xeral de Promoción de actividades.

**12:00 h.** Descanso.

**12:30 h.** A educación non formal nos programas da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado: a certificación de competencias.

M<sup>a</sup> Begoña Mosteiro Blanco. Subdirectora Xeral do Instituto da Xuventude de Galicia.

**13:00 h.** A difusión da información desde as Antenas universitarias de información xuvenil. Correspondentes 3.0. no ámbito local. Experiencias desde as Omix.

Suso Antelo García. Director do Centro coordinador de Información Xuvenil.

**13:30 h.** Convocatoria do Programa de Voluntariado Xuvenil. Programas ambientais en defensa do lume. Programa ambiental no Parque Nacional Illas Atlánticas.

Alberto José Otero Peña. Subdirector Xeral de Voluntariado e Participación.

**14:00 h.** Clausura.

## Viaxes a Marrocos e Senegal en semana santa

**Mercores, 11 Febreiro 2015 10:29**



A **Asociación Vento Norte Sur** en colaboración cos departamentos de voluntariado da *Universidade de Murcia* e a *Universidade Politécnica de Cartagena* organizan as seguintes viaxes:

### VI Viaxe solidaria ao deserto marroquí:

O destino é **Merzouga** é un pequeno pobo bérber, seguro e tranquilo, situado nun erg (rexión areenta) subsahariano. Será un intercambio cultural co pobo bérber marroquí. Unha experiencia única na que vivirás durante unha semana a esencia do deserto.

**Datas:** do 28 de marzo ao 4 de abril de 2015.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos e menores acompañados por familiares.

**Prezo:** 390 €. Desconto de 20 € co carné xove.

### II Atlás trekking solidario:

Un percorrido a pé polo val do río Ounila, unión entre o deserto e o Alto Atlas. Un val que parece ter quedado ancorado na idade media. Visita a Marrakech, a cidade vermella do Mediterráneo, unha das cidades máis impactantes do norte de África.

**Datas:** do 28 de marzo ao 4 de abril de 2015.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos e menores acompañados por familiares.

**Nivel de dificultade:** doado.

**Prezo:** 390 €. Desconto de 20 € co carné xove.

### I Viaxe solidaria a Kédougou-Senegal:

**Kédougou**, cidade situada a 700 km ao sur de Dakar. É coñecida como o País Basari. Esta rexión do sueste de Senegal é a representante máis próxima a Europa das auténticas tradicións ancestrais e da natureza salvaxe de África: paisaxes excepcionais habitadas por xente acolledora e respectuosa co seu ámbito. Kédougou sitúase no límite de dous eco-rexións diferentes: a sabana sudanesa occidental e o mosaico forestal guineano.

**Datas:** do 28 de marzo ao 4 de abril de 2015.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos e menores acompañados por familiares.

**Prezo:** 450 €. Desconto de 20 € co carné xove

**Máis información** [www.vientonortesur.org](http://www.vientonortesur.org)

## Interásanos a túa opinión!!! Participa na elaboración da nova Lei de transparencia e bo goberno

**Mercores, 11 Febreiro 2015 15:53**

A **Xunta de Galicia** está a elaborar unha nova lei de transparencia e bo goberno. Interásanos a súa opinión ao obxecto de acadar una lei o máis consensuada posible tendo en conta as súas achegas.

É por iso que poñemos á súa disposición este espazo para que, ata o vindeiro 4 de marzo, formule as propostas e suxestións a incluír na futura lei de transparencia.

Unha vez que ese texto sexa elaborado, será sometido novamente á súa participación. No seguinte enlace podes acceder ao formulario de participación:

<http://cpapx.xunta.es/formulario-de-participacion-cidada>

## Concurso de deseño do cartel do certame Xuventude Crea 2015

**Venres, 13 Febreiro 2015 00:00**



**xuventude.net**  
Concurso de deseño  
do cartel do certame  
**XUVENTUDE CREA**

A *Consellería de Traballo e Benestar*, a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, con motivo do certame de creadores novos **Xuventude Crea 2015**, convoca un concurso co fin de elaborar o cartel do dito certame.

### Participantes

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas de entre 18 a 30 anos, ambas inclusive, e residentes en Galicia, agás o/a gañador/a do premio na edición do ano anterior.

### Tema

O tema e a técnica serán libres. As obras deben incluír obrigatoriamente o texto "**Certame Xuventude Crea 2015**" así como as especialidades que o compoñen: teatro, artes plásticas, fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, grafiti, deseño de xoias e moda.

Admitiranse traballos realizados tanto de forma individual como en grupo.

#### Condicións

Cada autor/a ou autores/as poderán participar con dúas (2) obras orixinais, inéditas e en galego.

A obra premiada pasará a ser propiedade da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, que adquirirá sobre esta o dereito pleno á súa utilización, reprodución e difusión.

A citada dirección xeral queda facultada para introducir algunha modificación na obra premiada se existira algunha dificultade técnica para a súa impresión ou para introducir algún texto ou logotipo que non figure inicialmente nestas bases.

O cartel gañador será a imaxe do **certame Xuventude Crea 2015** e poderá ser utilizado parcial ou totalmente para o seu deseño, páxina web ou calquera outra iniciativa que considere a organización.

#### Documentación

As obras presentaranse en formato vertical cunhas dimensións de 50x70 cm, montadas en superficie ríxida (cartón pluma) que facilite a súa manipulación, e deberán estar feitas en formato dixital para poder facer as modificacións que a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* considere oportunas. En ningún caso poden levar nin o nome nin a sinatura.

Os/as artistas poderán confeccionar as súas obras con liberdade de procedemento e cor.

Todas as obras irán acompañadas dos seguintes documentos:

- Solicitud de inscripción debidamente cuberta.
- Ao dorso de cada obra figurará un lema ou pseudónimo que servirá para preservar a identidade do/a artista ata o fallo do xurado. Este lema ou pseudónimo aparecerá, en letras maiúsculas, no exterior dun sobre pechado aparte, sen facer alusión ningunha que permita identificar ao autor/a, sendo causa de exclusión do concurso o incumprimento desta norma.
- Dentro do sobre pechado irán os datos do/a artista: nome, apelidos, DNI, idade, enderezo postal, enderezo electrónico, teléfono de contacto, unha declaración asinada indicando que o traballo é orixinal e inédito, ficha explicativa e CD da obra.

Se se apreciasen defectos ou falta de documentación, por parte da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, requirirase a persoa solicitante para que no prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa petición.

#### Lugar

O **prazo** de admisión das obras rematará o día **28 de febreiro de 2015** e poderanse enviar por correo postal a:

#### Concurso deseño cartel Xuventude Crea 2015

##### Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado  
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 3º  
15781 Santiago de Compostela

Igualmente admitirase a entrega da documentación en calquera rexistro, en horario de 9:00 h a 14:00 h, presentando a solicitude de inscrición para o seu posterior selo de entrada.

Calquera información sobre o concurso ou solicitude de presentación a este, pode obterse mediante contacto coa *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* nos teléfonos 981 545 937, 981 545 702 e 981 541 689.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* porá o máximo coidado nas obras recibidas, pero declina toda responsabilidade de perdas, roturas, roubos, furtos ou danos nas obras por razón de forza maior ou calquera outra causa allea á súa vontade, tanto nos actos de recepción e devolución como durante o tempo que estean baixo a súa custodia.

Unha vez recibidas as propostas e pechado o prazo de admisión, procederase á súa valoración por un xurado responsable de resolver o concurso.

#### Xurado

A composición do xurado farase pública na páxina web da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* <http://xuventude.xunta.es>

O fallo difundirase mediante unha nota na citada web e por teléfono a partir do día seguinte do fallo do concurso.

#### Premio

O/a autor/es/as da obra gañadora recibirá un único premio de 500 euros. Esta cantidade estará suxeita á lexislación vixente, aplicándose sobre a dita cantidade as retencións legalmente establecidas.

A entrega do premio farase mediante transferencia bancaria ao número de conta que facilite o gañador/a.

#### Fallo

Antes do fallo do xurado, a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* poderá levar a cabo unha exposición dos traballos presentados.

O fallo do xurado será inapelable e poderá ser declarado deserto se así o considera este.

#### Devolucións

Para a devolución das obras non premiadas existirán dous procedementos para ser retiradas:



1. persoalmente polo seu autor/es/as ou
2. mediante delegación, por escrito, noutra persoa no lugar onde foron entregadas, no prazo de 30 días que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do/a gañador/a na web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

As obras non premiadas que non foran retiradas polos interesados no prazo establecido, pasarán á libre disposición da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

A participación neste concurso implica de forma automática a plena e total aceptación, sen reservas, das presentes bases.

Máis información: [roteiros.ctb@xunta.es](mailto:roteiros.ctb@xunta.es)

## Programa YUZZ "Xóvenes con ideas", para a promoción do talento e espírito emprendedor

Venres, 13 Febreiro 2015 16:51



O Centro Internacional Santander Emprendimiento (CISE), coa colaboración da Xunta de Galicia e coa participación, neste ano, das Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, comprometidas co fomento da innovación e o emprendemento, promove novamente en Galicia o Programa YUZZ "Jóvenes con Ideas" para a promoción do talento e o espírito emprendedor, dirixido a mozos con idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, que presenten as súas ideas innovadoras ao concurso de acordo co procedemento establecido pola organización.

Os mozos seleccionados para participar no Programa YUZZ disporán de apoio, formación e asesoramento orientados a facilitar o desenvolvemento dun proxecto de negocio baseado nas ideas propostas e poderán optar aos premios previstos nesta Convocatoria.

YUZZ pon a disposición dos participantes nos seus tres centros de Galicia, nas cidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, calquera dos seus centros, un espazo de traballo localizado en instalacións cedidas por entidades colaboradoras coa infraestrutura e o equipamento necesario para o desenvolvemento de actividades de formación e de asesoramento.

Os tres mellores proxectos a nivel do estado recibirán como premio unha dotación económica para o desenvolvemento dos seus proxectos de empresa, de acordo coa seguinte distribución:

- 30.000 euros para o primeiro posto.
- 20.000 euros para o segundo posto.
- 10.000 euros para o terceiro posto.

Os premios locais ofrecerán aos mozos a oportunidade de viaxar a Silicon Valley para coñecer de primeira man o principal referente internacional en innovación. Durante unha semana os gañadores visitarán empresas tecnolóxicas emblemáticas, interactuarán con diferentes axentes do ámbito académico e empresarial e realizarán actividades de networking.

### INSCRICIÓN NO PROGRAMA YUZZ

Os/as mozos/as interesados/as en participar no Programa YUZZ "Jóvenes con Ideas" deberán presentar unha única candidatura que poderá conter a descrición dunha ou máis ideas innovadoras. Aceptaranse candidaturas integradas por máis dun promotor.

Os/as candidatos/as deberán cumprimentar o formulario de inscrición dispoñible na web do Programa YUZZ: [www.yuzz.org](http://www.yuzz.org). O formulario está orientado a facilitar a presentación dos candidatos e das súas ideas e a solicitar os datos de contacto necesarios para o desenvolvemento do proceso de selección. Con carácter opcional, os candidatos poden achegar un vídeo de presentación de non máis de tres minutos de duración.

O Centro Internacional Santander Emprendimiento, CISE, comprométese a manter a máis absoluta confidencialidade sobre as ideas propostas polos/as candidatos/as e sobre os/as propios/as candidatos/as, con independencia de que estes poidan ser ou non finalmente seleccionados/As. Unha vez finalizado o proceso de selección, todos os contidos asociados ás candidaturas non seleccionadas, incluíndo materiais en vídeo, serán retirados da web e destruído.

A data de recepción de candidaturas finaliza o 19 de febreiro de 2015 ás 14.00 horas.



## NOVAS FORMACION CURSOS DE TEMPO LIBRE

### Monitor de actividades de tempo libre en Fene

Venres, 13 Febreiro 2015 09:18



A Escola de tempo libre Tempus organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Fene.

Datas: do 7 de marzo ao 13 de xuño de 2015.

O curso impartirase no local da asociación de veciños "Alto do Castaño" de Narón. O módulo de aire libre, que se desenvolverá en réxime intensivo, con pensión completa e aloxamento, na área Natural "Muiño de Pedroso" de Narón e o módulo de Animación Deportiva, desenvolverase no pavillón do colexio Jorge Juan de Perlío en Fene.

Máis información na Escola de tempo libre Tempus, teléfono 657 926 913 e 616 890 418.

## Monitor de actividades de tempo libre en Vigo

Venres, 13 Febreiro 2015 09:23



A **Escola de tempo libre Xaruma** organiza un curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo.

**Datas:** do 7 de marzo ao 31 de maio de 2015.

O curso impartirase no centro Garate, local da ETL Xaruma.

**Máis información na Escola de tempo libre Xaruma**, teléfono 698 142 158 e 986 127 949.

BOLSAS E AXUDAS → OUTRAS

## Subvencións a asociacións e concellos para actividades culturais en Ourense

Martes, 10 Febreiro 2015 08:29



A **Deputación de Ourense** convoca **subvencións a entidades sen ánimo de lucro e a Concellos para a organización de actividades culturais**.

**Actividades:**

**a)** Actividades que teñan por obxecto o estudo, difusión, exaltación ou posta en valor do patrimonio cultural material ou inmaterial da sociedade ourensá. Para estes efectos, considéranse incluídas no patrimonio inmaterial as festas e celebracións de carácter marcadamente tradicional ou senlleiro.

**b)** Actividades que teñan por obxecto o fomento das diversas manifestacións culturais da sociedade ourensá.

**Beneficiarios:**

Entidades sen ánimo de lucro con domicilio e Concellos da provincia de Ourense.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de marzo de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 10 de febreiro de 2015**

## Subvencións para congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento

Mercores, 11 Febreiro 2015 07:40



O **Ministerio de Asuntos Exteriores** convoca **subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o financiamento de congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento** que se vaian realizar durante o ano 2015 que garden relación cos seguintes temas de desenvolvemento:

- Axenda Post 2015 e Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Eficacia da axuda: alianza global para a eficacia da cooperación ao desenvolvemento.

- Axenda de financiamento ao desenvolvemento.
- Desenvolvemento con equidade: fomento dos dereitos humanos e do Estado de dereito, redución de desigualdades.
- Eficacia e retos da Axuda Humanitaria.

**Requisitos:**

**Persoas físicas:** Ter cumprido a maioría de idade.

**Persoas xurídicas:** Estar legalmente constituída.

Carecer a súa actividade de fins de lucro.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata ou **6 de marzo de 2015**.


**Máis información no BOE do 11 de febreiro de 2015** e en [www.exteriores.gob.es](http://www.exteriores.gob.es)

## Subvencións para organización de actividades fisicodeportivas en Ourense

Mercores, 11 Febreiro 2015 08:01

A **Deputación de Ourense** convoca **subvencións para organización de actividades fisicodeportivas** organizadas por concellos e por asociacións sen ánimo de lucro da provincia.





**Beneficiarios:**

Entidades deportivas e outras entidades sen ánimo de lucro con enderezo social na provincia de Ourense, que contemplen nos seus estatutos, como obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia.

Concellos ourensáns de menos de 20.000 habitantes e as mancomunidades de municipios da provincia de Ourense.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata ou **12 de marzo de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 11 de febreiro de 2015.**

## Musiqueando pola provincia de Lugo

Xoves, 12 Febreiro 2015 07:49



A **Deputación de Lugo** convoca o programa **Musiqueando** co fin de potenciar as festas de mercado carácter popular que se levan a cabo na provincia de Lugo.

No **Programa Musiqueando** poderán participar as agrupacións das seguintes categorías, que teñan residencia na provincia de Lugo e que estexan legalmente constituídas:

- *Bandas de música.*

- *Grupos corais.*

- *Grupos de música tradicional.*

*Non poderán participar grupos infantís, cuxos compoñentes sexan menores de 13 anos.*

Este **Programa** vai dirixido a:

Concellos da provincia, os cales poderán solicitar actuacións para acollerse a este programa.

Entidades sen ánimo de lucro da provincia, que estean xuridicamente constituídas, e que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.

Comisións de festas que se adiquen a organizar as festas patronais.

Os cachés das actuacións serán as seguintes:

*Bandas de música:* 1000 €. Se son de máis de 25 integrantes: 2000 €

*Grupos de música tradicional:* 500 €

*Corais:* 500 €

Os concellos, as asociacións legalmente constituídas e as comisións de festas deberán contribuir ao pago do 20% do custo de cada unha das actuacións solicitadas e concedidas. O 80% do custo das actuacións correrá a cargo da Deputación de Lugo.

As agrupacións que desexen participar nesta convocatoria deberán presentar a súa solicitude na Deputación de Lugo antes do 14 de marzo de 2015.

Os concellos e asociacións deberán presentar as solicitudes antes do **31 de marzo de 2015**.

**Máis información no BOP de Lugo do 12 de febreiro de 2015.**

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

## Xuíz/a de paz de Coirós, Cariño e Vilasantar

Martes, 10 Febreiro 2015 08:04

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** convoca a concurso **as prazas de xuíz/a de paz titular dos concellos de Coirós e Cariño e xuíz/a de paz titular e substituto de Vilasantar.**

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **25 de febreiro de 2015**.

**Máis información no BOP da Coruña do 10 de febreiro de 2015.**

OMIX de Coirós, teléfono 981 796 414.

OMIX de Cariño, teléfono 981 420 216.

OMIX de Vilasantar, teléfono 981 778 169.



## Bolsa de emprego no concello de Vilar de Barrio

Martes, 10 Febreiro 2015 08:47

O **Concello de Vilar de Barrio** convoca unha bolsa de emprego para a cobertura de vacantes que se produzan ao longo do ano 2015, na categoría profesional de auxiliar de axuda no fogar.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de febreiro de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 10 de febreiro de 2015** e na **OMIX de Vilar de Barrio**, teléfono 988 468 422.

## Axente TIC para a aula CeMIT do Concello de Arzúa

Martes, 10 Febreiro 2015 09:35

O **Concello de Arzúa** convoca un concurso para a contratación dunha persoa para o **posto de Axente TIC para a aula CeMIT**.

**Requisitos:** título de Formación Profesional de Grao Superior.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **21 de febreiro de 2015**.

**Máis información na OMIX de Arzúa**, teléfono 981 500 000.

## Operario de servizos en Paradela

Martes, 10 Febreiro 2015 10:25

O **Concello de Paradela** fai unha convocatoria para cubrir temporalmente unha praza de operario/a de servizos para actuacións de limpeza e mantemento do Camiño Francés ao seu paso por Paradela, a xornada completa por un período de nove meses.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de febreiro de 2015**.

**Máis información no BOP de Lugo do 10 de febreiro de 2015** e na **OMIX de Paradela**, teléfono 982 541 101.

## Xuíz/a de paz titular de Cervantes

Mercores, 11 Febreiro 2015 11:20

O **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** convoca a concurso a **prazas de xuíz/a de paz titular do concello de Cervantes**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **25 de febreiro de 2015**.

**Máis información no BOP de Lugo do 11 de febreiro de 2015**.

Concello de Cervantes, teléfono 982 36 44 90.

## Xuíz/a de paz titular de Melide

Xoves, 12 Febreiro 2015 07:34

O **Concello de Melide** convoca a concurso a **praza de xuíz/a de paz titular do concello**.

Os **requisitos** para acceder á praza son ser español, maior de idade, non atoparse impedido física nin psiquicamente para o desenvolvemento da función xudicial, estar en posesión dos dereitos civís, non ter sido condenados por delito mentres non se obtivera a rehabilitación, nin procesado ou inculcado por delito doloso en tanto non sexa absolto ou se dite auto de sobresemento.

Non se esixe, nin para titular nin para substituto, a licenciatura en Dereito nin coñecementos xurídicos específicos.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **2 de marzo de 2015**.

**Máis información no BOP da Coruña do 12 de febreiro de 2015**.

OMIX de Melide, teléfono 981 505 003.

## Auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Vilar de Santos

Xoves, 12 Febreiro 2015 07:40

O **Concello de Vilar de Santos** necesita **4 auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **17 de febreiro de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 12 de febreiro de 2015.**

OMIX de Vilar de Santos, teléfono 988 465 883.

## Convocadas prazas de policía local no Concello de Ubrique (Cádiz)

Xoves, 12 Febreiro 2015 12:23

O **Concello de Ubrique**, convoca **3 prazas de policía local**, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días hábiles, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información BOE do 12 de febreiro de 2015.**

[www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada praza de xuíz/a de paz en Valga

Xoves, 12 Febreiro 2015 12:25

O **Concello de Valga**, convoca esta praza de xuíz , cun **prazo de 15 días hábiles**, para presentar solicitudes.

**Máis información BOPPO do 12 de febreiro de 2015.**

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Profesor/formador A Coruña

Martes, 10 Febreiro 2015 08:13

Se necesita incorporar **un profesor/formador para Aicad Bussines School en A Coruña**.

Para áreas académicas de:

*Habilidades directivas e management.  
Dirección e RRHH.  
Comercial e vendas.  
Económico e financeira.  
Idiomas: Inglés, chinés e árabe.  
Calidade e innovación.  
Procesos, produción e innovación.  
Compras e loxística.  
Auditoría e control.  
Prevención e Seguridade de Riscos Laborais.  
Sistemas e tecnoloxías da innovación.  
Informática e internet. Etc.  
Sectores específicos:  
Banca e Seguros.  
Inmobiliario.  
Educativo.  
Administración Pública.  
Internacional e comercio exterior.  
Transporte.  
Hotelero e turístico.*

Se require experiencia alomenos de dous anos.

**Doutorado acreditado en:** ANECA, ACAP, AQU, AVAP ou equivalente internacional.

Profesional acreditado no mundo da formación en Cursos in Company, conferencias maxistrais, obradoiros especializados, Garden outdoor, Open outdoor, Indor experiencias.



Ser investigador e escritor de prestixio recoñecido.

**Se ofrece figura docente:** profesor asociado.

Oferta de contrato a tempo parcial. Xornada indiferente e contrato laboral ou mercantil.

Contrato indefinido e salario de 30.000 euros o ano.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/profesor-formador/a-corunna/1772617/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=administracion-de-empresas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/profesor-formador/a-corunna/1772617/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=administracion-de-empresas&utm_term=a-corunna)

## Administrativo/contable A Coruña

**Martes, 10 Febreiro 2015 08:18**

**NORINTEGRA SL, Centro Especial de Empleo,** selecciona persoal con capacidade para Zona do Barbanza.

Se necesita persoal de oficina para desempeñar tarefas administrativas, contables e de xestión de documentación, arquivo, etc.

### Requisitos:

Ter certificado de discapacidade igual ou superior o 33%.

Formación na área administrativa.

Experiencia nas tarefas a desempeñar.

Posto estable e xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/administrativo-contable/a-corunna/1771431/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=administracion-de-empresas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/administrativo-contable/a-corunna/1771431/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=administracion-de-empresas&utm_term=a-corunna)

## Capataz/distribución A Coruña

**Martes, 10 Febreiro 2015 08:35**

**ADECCO** líder mundial no sector de **RRHH** selecciona un capataz para A Coruña.

Para colaborar con administración locais en representación da empresa. Coordinar as tarefas diarias nas redes de abastecemento e alcantarillado.

Xestionar a compra e mantemento de material.

Colaboración con outros departamentos da empresa (detección necesidades formativas, organización de persoal o seu cargo, guardias e vacacións, control de absentismo).

Asegurar os sistemas de Inocuidad segundo a norma 22000.

Se require estudos de FP ou Ciclo Superior e experiencia de alomenos dous anos.

Ramas Mecánica, eléctrica ou electrónica.

Manexo de informática a nivel usuario.

Coñecemento e manexo de PDA.

Contrato de duración determinada.

ADECCO con domicilio social en Camino del Cerro de los Gamos, 3 28224 Pozuleo de Alarcón- Madrid.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/capataz-distribucion/a-corunna/1772329/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=construccion-e-inmobiliaria&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/capataz-distribucion/a-corunna/1772329/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=construccion-e-inmobiliaria&utm_term=a-corunna)

## Enfermeros/as tituladas A Coruña

**Martes, 10 Febreiro 2015 08:55**

**Multiveskst International Jobsolutions Ltd. Empresa Noreguesa de RRHH** seleccionar para Noruega profesionais para traballar en hospitais, atención domiciliaria a persoas maiores e en residencias de ancianos en todo o país.

Se necesitan cubrir cinco postos vacantes para traballar en Noruega como enfermeiro/a.

Se require ser enfermeiro/a titulado/a.

Falar noregues mínimo nivel inicial.

Dispor de autorización oficial para traballar en Noruega.

**Se ofrece:**

Curso gratis de noregues intensivo.

Viaxe de balde a Noruega.

Asistencia de busca de vivenda.

Homologación de títulos, obtención de autorización, etc.

Contratación como indefinido segundo táboa salarial noruega.

Xornada completa.

Salario 45.000 euros ano.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/enfermeros-as-tituladas/a-corunna/1772353/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/enfermeros-as-tituladas/a-corunna/1772353/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=a-corunna)

## Auxiliar SAD Cambre (A Coruña)

**Martes, 10 Febreiro 2015 09:24**

Oferta de **emprego como auxiliar SAD Cambre en Clece**, A Coruña.

Para atender as persoas usuarias nas necesidades diarias no domicilio.

**Se require:**

Ser menor de 30 anos de idade.

Recien titulado como técnico Att sociosanitaria ou con certificado de profesionalidade de Att sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio Residencia cercana a Cambre.

Contrato de duración determinada.

Xornada de luns a venres ou de fins de semana e festivos.

Clece en Parque Vía Norte, rúa Quintanavides, 19 Bque. 4 28050 Madrid.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/auxiliar-sad-cambre/a-corunna/1772108/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm\\_term=a-corunn](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/auxiliar-sad-cambre/a-corunna/1772108/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=a-corunn)

## Carretilleiros para Ferrolterra

**Martes, 10 Febreiro 2015 09:37**

**Faster ibérica** selecciona para importante empresa carretilleiros de frontal con experiencia acreditada.

Funcións de recepción e colocación de paquetes e outro tipo de carga en tarimas e palés. Preparación de pedidos e empaquetado. Revisión de albarans.

Se require: experiencia en carretilla. Carnet de carretilleiro.

Incorporación inmediata.

Xornada completa.

Salario de 15.000 euros ano.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/carretilleros-para-ferrolterra/a-corunna/1772117/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=compras-logistica-y-transporte&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/carretilleros-para-ferrolterra/a-corunna/1772117/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=compras-logistica-y-transporte&utm_term=a-corunna)

## Filólogo Galego/portugués

**Mercores, 11 Febreiro 2015 08:13**

**Estela Loxística e Proxectos SL** para actividades recreativas, culturais e deportivas.

Necesita incorporar un filólogo galego/portugués, para realizar tarefas de traducción e interpretación para A Coruña.

Se require experiencia laboral de dous anos.

Se requiren estudos mínimos de licenciado.

Con funcións de traducción galego/castelán con experiencia demostrable en traducción, mecanografía e procesadores de textos, especialmente open office.



**Idiomas:**

**Español:** lectura nivel principiante, escritura nivel principiante, conversación nivel principiante.

**Galego:** lectura nivel principiante, escritura nivel principiante, conversación nivel principiante.

Xornada completa.

Contrato laboral de duración determinada.

[http://www.trabajando.es/empleos/oferta/173766/filologo-en-galegoportugues.html?utm\\_source=sepe&utm\\_medium=Xml&utm\\_campaign=sepe](http://www.trabajando.es/empleos/oferta/173766/filologo-en-galegoportugues.html?utm_source=sepe&utm_medium=Xml&utm_campaign=sepe)

## Programador/a para Vigo

**Mercores, 11 Febreiro 2015 08:23**

**ADECCO líder mundial en RRHH** selecciona para importante empresa do sector industrial un/unha programador/a informática para traballar no seu departamento I+D+i no desenvolvemento de produtos propios.

**Requisitos:** estudos de licenciatura ou enxeñería superior e alomenos dous anos de experiencia.

**Imprescindible:**

Experiencia en programación orientada o aspecto gráfico (look and fill).

Coñecemento en programación en NET y C.

Manexo de bases de datos SQL.

Xestión de redes e servidores.

Requisitos desexables:

Programación avanzados en redes e servidores.

Programación en PHP e entornos web.

Programación en dispositivos móbiles.

Se ofrece incorporación inmediata en empresa sólida.

Contrato a través de ADECCO para posteriormente pasar a ser contratado pola empresa matriz con posto estable.

Tipo de contrato indefinido.

ADECCO con domicilio social en Camino del Cerro de los Gamos, 3 28224 Pozuleo de Alarcón- Madrid.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/programador-a-vigo/pontevedra/1772697/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=tecnologia-e-informatica&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/programador-a-vigo/pontevedra/1772697/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=tecnologia-e-informatica&utm_term=pontevedra)

## Asesor/a comercial Pontevedra

**Mercores, 11 Febreiro 2015 08:34**

**Compañía importante de produtos industriais**, necesita incorporar un asesor/a comercial para traballar de vendedor/a con vocación comercial para a provincia.

**Fabricamos:** desengrasantes, deterxentes, desinfectantes, eliminadores de olores, desatascadores, absorbentes, antiderrapantes, desincrustantes, limpadores químicos, xeles, pinturas, acaricidas, etc.

Traballamos para sectores como construción, hoteis, industria cárnica, secaderos de xamóns, fábricas de embutidos,almazaras, fábricas de embutidos, granxas, bodegas, Concellos e Organismos Oficiais, obradoiros/talleres e industria en xeral, etc.

Se valorará entrevista persoal, carteira de clientes, contactos e relacións comerciais, formalidade e seriedade. Vehículo propio e vocación comercial.

**Se ofrece:** formación e apoio por conta ca compañía.

Condicións económicas de 24.000 a 30.000 euros o ano baseadas nun contrato mercantil con moi elevadas comisións.

Abonos inmediatos no mes en curso.

Xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/asesor-a-comercial/pontevedra/1772752/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/asesor-a-comercial/pontevedra/1772752/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=pontevedra)

## Mecánico/a de neumáticos camión para Vigo

**Mercores, 11 Febreiro 2015 12:06**

Oferta de emprego como **mecánico/a de camión**. Selección a cargo de Grupo Norte.

Importante empresa dedicada a mecánica e neumáticos de camión, precisa incorporar unha persoa especialista en cambios de neumáticos de camión para taller en Porriño (Pontevedra).

### Se require:

Formación Profesional de Grao Medio (mantemento de vehículos autopropulsados).

Experiencia mínima de alomenos dous anos.

Especialista en cambios de neumáticos de camión.

Grupo Norte con domicilio social en Paseo del Arco del Ladrillo, 88 47008 Valladolid.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/mecanico-a-neumaticos-de-camion/pontevedra/1772978/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=profesionales-artes-y-oficios&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/mecanico-a-neumaticos-de-camion/pontevedra/1772978/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=profesionales-artes-y-oficios&utm_term=pontevedra)

## Ofertas Servizo Público de Emprego 13/02/2015

**Venres, 13 Febreiro 2015 08:32**

### Traballadores da construción a grandes alturas

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/922
- Data: 13/02/2015
- Requisitos: traballos en altura con cordas.

### Electromecánicos/as de mantemento industrial (mantemento e reparación xeral)

- Localidade: Ferrol (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/993

- Data: 13/02/15
- Requisitos: necesítase oficial eletromecánico/a de mantemento industrial.

### Eletromecánicos/as de mantemento industrial (mantemento e reparación xeral)

- Localidade: (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/994
- Data: 13/02/15
- Requisitos: necesítase axudante de electromecánicos/as de mantemento industrial.

**Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>**





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**